

INSTRUCCIÓN POLA QUE SE ESTABLECE O CRITERIO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN Á APLICACIÓN DO FACTOR DE CORRECCIÓN PREVISTO NO ARTIGO 47.3 DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA INDUSTRIAS DO FUTURO 4.0 (IN854A)

Por resolución do 28 de decembro de 2018 da directora da Axencia galega de Innovación (DOG núm. 28, de 8 de febreiro), modificada pola Resolución do 25 de maio de 2020 (DOG núm. 106, de 2 de xuño de 2020), establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, das axudas para o programa Industrias do futuro 4.0 (terceira convocatoria), orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0- captación de investimentos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O apartado 3 do artigo 47 destas bases reguladoras, modificado pola Resolución de 25 de maio de 2020, establece o seguinte:

«3. Por afectar as condicións que se tiveron en conta no momento de conceder a subvención, nos seguintes casos de incumprimento reducirase a axuda, tendo en conta a axuda concedida para cada proxecto, da seguinte forma:

a) No caso de que o custo total do proxecto finalmente xustificado sexa inferior ao orzamento mínimo subvencionable (2.000.000 €) reducirase a axuda aplicando o seguinte factor de corrección: $F_c = 1 - X^2/3600$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo concedido. No caso de proxectos en cooperación, X é a porcentaxe deixada de xustificar por cada un dos membros da agrupación sobre o custo que lle foi concedido.

b) Se o custo xustificado finalmente por algunha entidade beneficiaria é inferior á participación mínima que se exige no artigo 6 destas bases reguladoras para os proxectos en cooperación, reducirase a intensidade da axuda aplicando o factor de corrección $F_c = 1 - X^2/3600$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar por este beneficiario sobre o custo que lle foi concedido, nos seguintes supostos:



– No caso de organismos de investigación, o 15% do orzamento total subvencionable do proxecto, pero sempre que este sexa superior ao 10%.

– No caso de empresas, o 10% do orzamento total subvencionable do proxecto de forma xeral. Ademais, no caso de proxectos de innovación en materia de organización e procesos solicitados por grandes empresas, a participación da/s peme/s coa/s que colabora deberá ser como mínimo do 30% dos costes subvencionables totais do proxecto en cooperación.

c) Se o custo xustificado finalmente na partida de persoal de nova contratación é inferior á contía concedida nesta partida, reducirase a axuda aplicando o seguinte factor de corrección: $F_c = 1 - X^2/3600$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.

d) Se se incumpriu a obrigaçión de dar publicidade ao financiamento do proxecto consonte o establecido nesta resolución, ou a obriga de comunicar a obtención doutras axudas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, aplicarase un factor de corrección do 0,95.

e) Se se incumpriron as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto, dando lugar a un informe final negativo, o incumprimento valorarase en función deste e supoñerá a aplicación dun factor de corrección igual á porcentaxe de incumprimento sinalado no informe técnico. Se esta porcentaxe é superior ao 50% considerarase como incumprimento total e dará lugar ao reintegro da totalidade da axuda.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta destas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. No caso de que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase na última anualidade, e o importe minorado detraerase desta. No caso de que o importe aprobado para a última anualidade resulte insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar á incoación de expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.»



O artigo 14.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia dispón que:

«Sen prexuízo de que o Consello da Xunta determine os criterios básicos, os órganos concedentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do órgano concedente e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

n) Criterios de gradación de posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán aplicables para determinar a cantidade que finalmente deba percibir o beneficiario ou, se é o caso, o importe que vai reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.»

Por outra banda, o artigo 33.2 da Lei 9/2007, ao regular as causas de reintegro, determina que cando o cumprimento por parte do beneficiario ou, se é o caso, pola entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no artigo 14 do mesmo texto legal.

A normativa vixente impón, polo tanto, que debe existir proporcionalidade entre o incumprimento e a medida a adoptar, polo que é necesario establecer un criterio interpretativo para a aplicación do factor de corrección previsto no artigo 47.3 das bases reguladoras. Este criterio permitirá determinar, de forma proporcionada, a cantidade a reintegrar ou, no seu caso, declarar a perda do dereito ao cobro da subvención naqueles casos nos que se produza un incumprimento por parte das entidades beneficiarias que afecte á partida de persoal de nova contratación.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira das bases reguladoras para a concesión de axudas do programa Industrias do futuro 4.0, que faculta á directora da Axencia Galega de Innovación para que leve a cabo



as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria dito a seguinte

INSTRUCCIÓN

O alcance do factor de corrección previsto no artigo 47.3 letra c) limitábase, exclusivamente, á partida afectada polo incumprimento.

Naqueles supostos nos que o custo xustificado finalmente na partida de persoal de nova contratación fose inferior á contía concedida nesta partida, reducirase a intensidade da axuda concedida nesta partida aplicando o factor de corrección $F_c = 1 - X^2/3600$ onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.

En coherencia co anterior, cando conorra a causa de incumprimento do artigo 47.3 letra c) coas demais previstas no mesmo artigo, o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección aplicarase unicamente á intensidade da axuda correspondente á partida afectada polo incumprimento. Nos casos nos que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda na partida afectada polo incumprimento será cero.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

